



## **LISTA DE DESTINOS PROVISIONAIS E DOTACIÓNS PARA O PERÍODO DE PRÓRROGA DA BOLSA (artigo 12)**

1. Conforme ao establecido no artigo 12.4 das bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internalización empresarial (DOG nº 111, 10 de xuño de 2022), procédese a facer publica a nova lista de destinos provisionais e dotacións (Anexo I) para o período de prórroga da bolsa, que difire coa publicada o día 10/07/2023 en que o destino Tokio deixa de estar dispoñible e o destino Dubái será na oficina do Icx en lugar da oficina Igape.

Como establece o artigo 12.4: “(...) Na prórroga da bolsa terán preferencia de elección de destino no estranxeiro os que tivesen como destino Galicia no primeiro ano da bolsa, por orde de puntuación no baremo e, posteriormente, tamén por orde de puntuación no baremo, os que estivesen no estranxeiro durante o primeiro ano da bolsa. A repetición de destino na prórroga da bolsa quedará supeditada á conformidade por parte do organismo de acollida do/da bolseiro/a.”

2. O prazo para manifestar o interese polos destinos dispoñibles será de tres días dende o día seguinte ao de publicación deste anuncio. Co fin de facilitar o proceso de asignación de destinos, cada candidato/a deberá manifestar a súa orde de interese por todos os destinos dispoñibles mediante presentación de escrito por rexistro telemático na oficina virtual do Igape (cuestionario PE001).
3. No caso de que o solicitante non manifeste ningunha preferencia de destino será o Igape o que asigne o destino da bolsa seguindo o seu propio criterio.

En Santiago de Compostela,

Ruth Beatriz Pereira Rodríguez  
Técnica Responsable de Internacionalización



## ANEXO I

### DESTINOS E DOTACIÓNS PROVISIONAIS PARA O PERÍODO DE PRÓRROGA DA BOLSA

DESTINO	DOTACIÓN BRUTA MENSUAL*
Bogotá, Colombia (ICEX)	2.008,33 €/mes
Cantón, China (ICEX)	2.858,33 €/mes
Chicago, EEUU (ICEX)	3.575,00 €/mes
Ciudad de México, México (IGAPE)	2.533,33 €/mes
Dubái, EAU (ICEX)	3.391,67 €/mes
Estocolmo, Suecia (ICEX)	2.800,00 €/mes
Johannesburgo, Sudáfrica (ICEX)	2.241,67 €/mes
Lima, Perú (ICEX)	2.108,33 €/mes
Miami, EEUU (IGAPE)	3.475,00 €/mes
Milán, Italia (ICEX)	2.408,33 €/mes
Nueva York, EEUU (ICEX)	3.681,82 €/mes
Sao Paulo, Brasil (ICEX)	2.275,00 €/mes
Singapur, Singapur (ICEX)	3.291,67 €/mes
Toronto, Canadá (ICEX)	2.575,00 €/mes
Varsovia, Polonia (ICEX)	1.925,00 €/mes
Yakarta, Indonesia (ICEX)	2.125,00 €/mes
Galicia (IGAPE)	1.200,00 €/mes

*\*Importe da dotación bruta durante cada un dos 11 meses de duración da prórroga da bolsa. O importe expresado na táboa non inclúe a asignación para cubrir os gastos de desprazamento, seguro, formación ou adquisición dun portátil detallados no artigo 6.2 das bases. Asimesmo, o importe consignado para cada destino é o importe bruto, é dicir, previo a que se practiquen as retencións por IRPF, IRNR ou cotas da Seguridade Social que en cada caso correspondan.*